



A PROPÓSITO DO CORPO EN ACCIÓN

TALLER DE PERFORMANCE CON ANA GESTO

9, 10 E 11 DE NOVEMBRO

FUNDACIÓN GRANELL

PRAZO DE INSCRICIÓN: 10 DE OUTUBRO - 2 DE NOVEMBRO

ENVIAR DATOS PERSOAIS + CARTA DE MOTIVACIÓN A:
corpoenaccion@gmail.com

A performance abarca hoxe unha extensa gamas de xeitos de facer, de actuar ou de intervir, que dan forma a manifestacións moi diferentes.

Neste taller farase unha exploración teórica-práctica dalgúns parámetros polos que circunda unha performance; tempo, espazo e presenza (corpo).

Unidade de Igualdade
Universidade de Vigo



Fundación EUGENIO GRANELL

CO PATROCINIO DA UNIDADE DE IGUALDADE PARA A PROMOCIÓN DA CREACIÓN FEMININA

Tempo, espazo e presenza van ocupar cada día de clase con exercicios prácticos e teóricos.

Acompañados dunha análise e posta en común de todos os compañeiros e compañeiras.

A performance require de proceso, idea, análise, esbozos... Se visionarán e interpretarán performances realizadas por outros e outras artistas da arte de acción.

Presentarase un traballo ao público, convidando o espectador e a espectadora a análise posterior nunha posta común.

En toda performance é necesaria a acción do corpo.

O corpo non é o protagonista, é un elemento máis, un material sen o cal a acción non sería posible. Un corpo que funciona como engrenaxe, como soporte, como lenzo.

Pero que non representa ningún artificio, senón que se presenta real no tempo e no espazo, con todo o que o propio corpo leva.

O tempo na performance, é un tempo real, como apunta Didi Huberman (2004), a obra faise necesariamente no tempo. Este do mesmo xeito que o corpo, é outro elemento que define e condiciona. Diferentes tempos dentro dun mesmo tempo: o tempo dos obxectos, o tempo do espazo, o tempo do corpo, o tempo do espectador e a espectadora, todos eles desenvólvense dentro dun marco temporal, vivo, directo.

O espazo é tamén un elemento máis, non é neutro. Condiciona ao tempo e á acción do corpo, sitúa os elementos, moldéaos, os aglutina e tamén, como todo o demais, redefíneos. Introdúceos nun contexto que os dota de novas significados. O espazo físico, o espazo social e cultural no que se desenvolve a acción é un espazo contextualizado e conceptualizado.